del océano" coas súas escuras tormentas.

Esta é a temática básica dunha primeira parte do romance de R. Valle, da que ben podería facerse unha análise simbólica, partindo dunhas claves interpretativas de connotacións masónicas. Así, a continua presencia da luminosidade sobre o espacio arousán pode identificarse coa iniciación ritual, máis aínda cando esta luminosidade se corresponde co albor do día —fórmula asociada na francmasonería co voltar á actividade dunha lóxica que estaba "en sono", ou sexa, inactiva—; os sinais son, se cabe, maiores, cando o poema nos introduce neste ámbito de luz dende un punto xeográfico situado ó ponente (Sálvora), guiándonos cara ó oriente (o interior da ría) mostrándosenos o mesmo sentido orientacional que o mantido polas coordenadas do templo masón, por suposto sempre rodeado dun espacio verde —representativo da inmortalidade da alma—, protector dos males do exterior (as tormentas).

Sen ánimo de profundizar, deixaremos a unha beira este tipo de lectura especulativa, aínda que —segundo creo— lexitimamente correcta, para seguir ó seu autor que logo afasta o tema paisaxista para dar entrada literaria a uns trazos con carácteres máis costumistas, nos que a natureza —sinal de identidade dos primeiros versos— deixa espacio ó home e as súas actividades mariñeiras; mais non sen antes advertir que este equilibrio paisaxístico arousán recuperarao o autor para a súa prosa, como podemos comprobar na transcrición textual do seu artigo "Villagarcía"[8]:

> *a las orillas del mar, en la deliciosa ría de Arosa, y á una extremidad del fértil y ameno valle del Salnes, tan conocido por la variedad, abundancia y riqueza de sus producciones, [...]. Si llaman la atención por una parte sus floridos campos, verdes colinas, umbrosas florestas y vistosos caseríos extendidos por la campiña, tiene de la otra un atractivo encantador aquel mar tan apacible siempre, en cuya tersa superficie, á la luz de la luna en las serenas noches de estío, se ven reflejarse como en un espejo las casas de la ribera á la par de las naves surtas en el puerto.*

[8] *La Ilustración Gallega y Asturiana*, 8 de xaneiro de 1880.

acaso sentindo a mesma suxestión que percibe o autor da cantiga popular:

Pasei a ría de Arousa,
nunha barquiña de vela,
non vin cousa máis bonita,
nin penso volver a vela.

A paisaxe, aínda que presenta importantes pegadas dunha agricultura variada, reflectida nas coridas cubertas do chan formado por bosques, prados, viñas,.., non ignora a realidade económica das Rías Baixas, nas que o agro e o mar van intimamente vencellados no ámbito doméstico costeiro que basicamente é mariño —ribeiras, lagos, praias, enseadas, baías, costas e illas—, polo que se está a anticipar a un mundo mariñeiro conformado polo ir e devir das xentes de mar nas súas pequenas embarcacións —acaso as dornas, acaso as case desaparecidas lanchas de relinga, tan abundantes nas augas das rías do século XIX— dirixíndose todas á vez cara ós seus portos, ondeando os seus trapos co fin de domear o vento, velas ó tercio tan presentes nas embarcacións tradicionais galegas. Os trazos líricos do universo costeiro acompáñase dun excelente dominio do vocabulario mariñeiro, propio de quen viviu nas súas propias carnes a experiencia naval. Así, navega en bolina —procurando que a quilla do seu barco forme o menor ángulo posible coa dirección do vento— ou senta a un mariñeiro na tilla mentres fai sonar o apupo —bucina—.

É na volta a terra cando se ofrece unha frenética actividade, desenvolta sempre no espacio portuario —lugar por excelencia da actividade social mariñeira—, primeiramente na pretensión de adquirir as capturas, pero logo arredor dos coidados e mantemento básico das artes de pesca e embarcacións. Así encontramos unha descrición dos mariñeiros carenando unha lancha, sempre buscando as máis óptimas condicións de navegación, para o que se debe limpar os fondos ou calafatear as xuntas da madeira, co fin de eliminar filtracións de auga e mellorar a estanquidade no mar que os inunda. Tamén hai unha estampa de mariñeiros relingando as velas, coséndolle as cordas —a relinga— ó seu redor, a fin de que o vento non poida con elas; outros, están atando as textís redes, desfeitas no seu rozar contra os fondos de area e pedras,

Lancha na ría. *(Arquivo, Editorial Nigra.)*

enmarañando peixes ou a saber cómo rotas, actividades ámbalas dúas máis propias hoxe en día dos "chaboleiros", pero por aquel entón executadas polos seus propios usuarios.

Outra estampa debuxada pola pluma de R. Valle amosa a pesca coa arte, arrastrada a pleno sol, dende a ribeira da praia, escena na que seguramente viu ós seus veciños de Vilanova, tanto aqueles oriúndos de Cataluña —os Llauger ou Goday, por non citar a outros salgadores da Arousa— a carón dos seus patrianos, mariñeiros e terrestres. Cos seus cintos, confeccionados con coiro e corda e rematados por un corcho, arrastraban dun longo aparello que, sumado ós seus tiros, excede o quilómetro e medio de longo por cada unha das súas bandas de arrastre, proporcionando grande número de capturas sardiñeiras á industria derivada.

A tranquilidade coa que desenvolven o seu traballo indica que son estes tempos nos que o conflicto polo uso da xávega e o boliche está xa esquecido e moi atrás, propio xa de tempos inmemoriais, quedan as imaxes das xentes pelexando, queimando os innovadores aparellos e mesmo os almacéns de salga de sardiña. Aínda así, ideará o pobo a súa pregunta: "Cando non hai que pescar, ¿que farán os cataláns? Andarán pola ribeira, tirando pedras ós cans".

Pero o que máis chama a atención deste romance arousán, no compasar que o mar fai coas mareas é a percepción antropolóxica que a situación privilexiada do poeta —en canto trovador e ó tempo mariño— nos transmite ós lectores, cuns versos:

Que á despertar van los ecos,
De las riberas vecinas
En donde ansiosas le esperan
Del alma prendas queridas.

lembrando ás familias —mulleres, fillos, nais, irmáns,...— esperando pola sempre incerta chegada do parente. Esta incerteza creada na vida profesional polos perigos do mar volve facerse presente na presencia de

La cruz alzada en la roca
De la solitaria orilla.

cruz asociada ás almas en pena afogadas no mar, que agora esta calmo, pero de seguida se volve impracticable e bravío. Rememóranos este simbolismo cristiá aquela pregunta que facía o poeta de berce arousá Manuel Antonio "á beira do mar, nunca pensáchedes nos afogados?".

Xa no traballo citado "Oración. Cuadro de costumbres marineras" ver Antoloxía de textos, páx. 73), publicado no 1866, fixera especial mención desta problemática situación vital do mariñeiro, sinalando naquel momento "ante el aspecto risueño de la naturaleza, cuesta trabajo creer que allí corran lágrimas que nadie enjuga, que haya infortunios que á nadie interesan, miserias que nadie remedia y penas que nadie consuela; pero es asi. ¿Puede acaso ser el hombre mas desdichado, que cuando, para procurarse la subsistencia de sus hijos, tiene que arriesgar con frecuencia la vida? (...) Cuando estos infelices [os mariñeiros] llevan á su boca un pedazo de pan ha sido amasado con las lágrimas de todos los dolores".

Ben patente queda reflectida a tra-

xedia que o home de mar vive xunto coa súa familia: aquel, porque se ve abocado diariamente a loitar contra os perigos do océano; esta, porque a constante a ameaza —basicamente o perigo de afogamento dun membro da familia— lle crea unha ansiedade psíquica colectiva. Por tal motivo, de ningún modo se pode crer que estes rudos homes solitarios resulten "poco sensibles á los tiernos afectos de la familia: seria un error y una injusticia". De tal experiencia fala nin máis nin menos que un mariño.

Esta é a mellor lectura que se lle pode dar ó afecto con que a familia vai esperar ó pescador cando este regresa do mar; as mulleres cos seus fillos —socializados nesta experiencia cando aínda están no berce, protexidos pola propia nai— intranquilos agardan na ribeira á chegada dos seus, sempre respondida co abrazo cheo de "efusión del cariño mas entrañable".

¡Dios mio! ¿Arribarán? Cuadro de D. Castro Plasencia. *Ilustración Española y Americana.*

Esta ansiedade vital resulta en grande medida controlada por medio de crenzas e rituais relixiosos, motivando non só a pervivencia da superstición entre estes homes e mulleres do litoral senón unha grande reverencia polo feito relixioso: "Si en aquel momento el tañido de las campanas del templo inmediato viene á recordarle la oración de la tarde, descubriendo su cabeza encanecida, sino por los años, por los azares de su penosa vida, teniendo en brazos á su hijo y vuelta la cara al mar, dirige sus ojos al cielo á donde eleva su pensamiento y su oración".

É agora cando pode entenderse que as mulleres tradicionais se acercasen á beira do mar cantando "Vente ventiño do mar, vento vento mareiro; non me fagas esperar, tráeme ó meu mariñeiro".

Voltando ó poema que nos ocupa, "A la ria de Arosa", recuperamos a necesidade do pescador sobrevivir na adversidade, para o cal se viu na obriga de controlar os fenómenos climatolóxicos. Así, a presencia de determinados animais poden conter determinados sinais etnográficos, mostrándonos o poema ás gaivotas xunto cos golfiños e arroaces, animais sempre buscados polos mariñeiros por canto lles ofrecen agoiros sobre os resultados pesqueiros ou permítenlles presaxiar a evolución do tempo climatolóxico, fixándose detidamente se as gaivotas voan en círculo,

se, por exemplo, os mascatos están nas rochas,..., por exemplo,"gaivotas soben ata se perder, grande temporal ten que haber";

cando as gaivotas bailan a muiñeira, hai chuvia na ribeira;
arroaces na ría, boureis tiran;
ou, para rematar, mascatos nos penedos, borrasca de medo.

Tamén, como non, observa o fino ollar do home de mar se os neboeiros cobren a mítica Curota, que non é un sinal provinte dos animais pero que sempre actúa como un referente do Barbanza máis maxestoso. Estes agoiros quedaron recollidos no refraneiro, avisando o dito:

Coa Curota cuberta, vendaval na porta,

e preparando psiquicamente ós familiares para a longa espera dos mariñeiros que loitan contra o mar bravío:

Se a Curota ves tapar, vai a San Alberte destellar

confundíndose o saber do pobo coas súas tradicións: neste caso, co ritual de destellar as capelas dos santos para simbolizando á forza sobrenatural que lle da volta ás adversas condicións meteorolóxicas; outras veces, as mulleres protexerán ós seus homes, subindo ós altos cumios a ensinarlles o cu ó vento, acaso co fin de espantalo;…

É este saber popular o que tamén nos revela unha descrición harmoniosa da climatoloxía, avisando Valle do melodioso "primer albor del dia [coa] ribera silenciosa". Do contrario, se esta "roncase", os agoiros indicarían un tempo inestable ou tormentoso, perigoso para quen aprendeu a escoitar a fala do mar cando acariña á praia e ós cantís.

Finalmente, aparece nesta romántica oda á Arousa a idea do romano "finis terrae", atribuído ás terras atlánticas límites, dende as cales se pode observar como no horizonte se cruzan o ceo —representado no seu límite polas nubes— e as augas, indo alí a morrer o día, no mar de ninguén, espacio enfurecido e fóra das augas que representan as rías, de todo domesticadas polas restingas —os baixos de rochas e area— das illas oceánicas galegas. Só, por isto, é permitido integrar ó mar na paradisíaca harmonía do contorno.

BIBLIOGRAFíA:
—Murguía, M.: *Los precursores.*
—Brañas, A.: El regionalismo, 1889
—García Velasco, J.L.: *Ramón del Valle-Inclán y Bermúdez*, en Enciclopedia Gallega
—Hermida, M.: *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento.* Eds. Xerais
—Fernández del Riego, : *Historia da Literatura Galega,* Galaxia
—Carballo Calero, R.: *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Galaxia, 1981
—Paz-Andrade, V.: *La anunciación de Valle-Inclán*, Akal, Madrid, 1981.
—González Pérez, C.: *O refraneiro do mar,* Eds. do Castro, A Coruña, 1993



Relacións entre Manuel Murguía e ramón del Valle-Inclán Bermúdez

Alfonso Mato

A correspondencia que coñecemos entre don Ramón del Valle-Inclán y Bermúdez (1823-1890) e don Manuel Murguía (1833-1923) ven sendo a fonte principal para achegarnos á relación entre ambos personaxes. O problema é que só coñecemos a metade da correspondencia, pois desafortunadamente as cartas de Murguía a Valle-Inclán y Bermúdez están perdidas. Ademais, as catorce cartas que se conservan na Real Academia Galega, datadas entre 1866 e 1868, non son evidentemente a totalidade dun epistolario que pensamos que, ó igual que foi a relación entre ambos, debeu ser moito maior e máis dilatado no tempo. Sabemos, por exemplo, que logo de 1868, Valle-Inclán y Bermúdez escribe dous artigos en La Ilustración Gallega y Asturiana (nos Tomos II e III, 1880 e 1881), revista que dirixe Murguía, e aparece como colaborador literario, aínda que non firma ningún artigo, nas dúas revistas que antecederon e precederon á citada, La Ilustración de Galicia y Asturias (1878) e La Ilustración Cantábrica (1882), das que Murguía foi director e coloborador, respectivamente.

A pesares destas tachas o material ofértanos unha ventá no tempo para ollar ós personaxes no seu mundo, por limitada que sexa a visión. ¿Cando se coñeceron?. É unha cuestión que, hoxe por hoxe, non é posible respostar. Tal vez en xuntanzas relacionadas co ferrocarril en Santiago, nunha estancia en Madrid, ou na redacción de xornal compostelán La Opinión Pública, onde foi redactor Valle-Inclán y Bermúdez, pero sen novos elementos de xuízo todo son conxeturas. A data máis antiga que hoxe coñecemos en canto á relación dos dous personaxes é a do 23-28 de xullo de 1864, días nos que se celebrou en Santiago de Compostela o Congreso Agrícola Gallego. Nas Actas deste Congreso (Santiago de Compostela, 1865) figuran Murguía e Valle-Inclán y Bermúdez como asistentes e como votantes no bando dos progresistas e demócratas que estaban a favor da reforma do sistema foral.

As cartas amosan a Valle-Inclán y Bermúdez como un dos moitos colaboradores e informantes que precisou Murguía para a súa Historia de Galicia, percurando datos da zona —"país"como eles dicían— entre Ribeira e Vilagarcía de Arousa. Afeizoado á arqueoloxía e á Historia, Valle-Inclán y Bermúdez describe nas súas cartas a Murguía monumentos megalíticos como o dolmen de Oleiros, comenta achádegos arqueolóxicos ou

relata variantes de lendas populares. Curiosamente, algúns dos temas tratados na correspondencia, como a torre de Lobeira, aparecerán nos escritos do seu fillo, o célebre don Ramón del Valle-Inclán y Peña (1866-1936), nos inicios da súa carreira literaria.

Pero ademais da arqueoloxía, a literatura fai tamén acto de presencia no epistolario, con comentarios sobre a novela de Rosalía de Castro *El caballero de las botas azules,* ou sobre as súas colaboracións nos Almanaques de Galicia editados polo impresor lucense Soto y Freire a pesar do que conta nas cartas só coñecemos un artigo seu nos diversos Almanaques publicados, "La oración. Cuadro de costumbres marítimas", 1866. *Almanaque de Galicia, para uso de la juventud elegante y de buen tono, dedicado a todas las bellas hijas del País.* Lugo, Imprenta de Soto Freire Editor, 1865.

Tamén a política, logo da revolución de 1868, amosa a súa faciana na correspondencia, cando Murguía tenta presentarse a deputado nas eleccións de xaneiro de 1869, e solicita axuda de, entre outros amigos, Valle-Inclán y Bermúdez e Eduardo Trillo Salelles, este último avogado e destacado político demócrata espartarista que asistira ó Congreso Agrícola Gallego de 1864. Por certo, que un fillo de este, Edelmiro Trillo, será codirector con Ramón del Valle y Bermúdez do xornal El Eco de la Ría de Arosa, fundado en 1878 por José Fernández Caro.

A última noticia que temos sobre as relación dos principais personaxes desta historia figura no Prólogo que Murguía escribiu para Femeninas (1895), a primeira obra editada polo fillo de Valle-Inclán y Bermúdez, o famoso escritor Ramón de Valle-Inclán y Peña. Neste Prólogo, mostra da relación protectora e afectiva que Murguía —daquela un home de grande prestixio intelectual en Galicia— debeu manter co mozo Valle-Inclán y Peña, fala da grande e estreita amizade que o xunguía a Valle-Inclán y Bermúdez, amén de gabalo como escritor e como home e indicar que aínda pouco tempo antes do seu pasamento estiveran xuntos falando das cousas que dende antano lles eran máis queridas, a poesía e a patria galega.

Coda. As cartas de Ramón del Valle-Inclán y Bermúdez a Murguía, o Prólogo deste a Femeninas, así como máis información sobre os temas tratados neste pequeno artigo poden verse no libro Cartas eruditas e literarias a Murguía (Ediciós do Castro, Sada-A Coruña, 2000).



APÉNDICE

1. Carta de Ramón del Valle y Bermúdez a Manuel Murguía. Pobra do Caramiñal, 25-VIII-1866.

Señor don Manuel Murguía

Mi querido amigo: acabo de recibir su carta con la que he tenido una grande satisfacción, pues después de tanto tiempo como hace que no sé de usted tenía ansia o más bien necesidad de tener alguna noticia suya.

A pesar de mi gran pereza que con tanta razón me echa usted en cara, he pensado diferentes veces escribir a usted; pero habiéndome dicho en Cambados que andaba usted viajando y no sabiendo ni los puntos que usted recorría ni cuando llegaría a Santiago, he dejado de hacerlo no sin alimentar la esperanza de que el día menos pensado tendría el gusto de darle un abrazo, persuadido de que tendría usted la amabilidad de venir a sorprenderme con su visita. Desgraciadamente no ha sido así y, lo que es más sensible, habiendo estado [palabra ilexible] es decir a tres horas de este pueblo. øSería usted tan amable y tan bueno que reparase esa falta viniendo a hacerme una visita?. No sé si eso sería un sacrificio para usted, pero cualquiera que fuese estoy seguro que lo haría si pudiera formarse idea del placer con que sería recibido. Ya supongo que tendrá usted mucho que hacer pero que diablo importan 8 días más o menos; además que no los perdería usted todos, pues no sería difícil que hiciese alguna investigación importante. Venga usted amigo mío: este país debe usted verlo y haremos juntos algunas correrías, juntos recordaremos aquellas agradables disputas de Santiago, comeremos juntos y no dormiremos juntos, eso no, pero estaremos juntos todo el tiempo que usted quiera honrarme con su presencia.

He estado en Lobeira varias veces y una sola al pie de las ruinas del castillo de que hablaron a usted y no recuerdo haber visto por aquellos sitios hiladas de piedras clavadas; bien es verdad que habiéndome llevado allí un objeto muy distinto, distraído el pensamiento pude haber pasado al lado de esos monumentos sin haber reparado en ellos. Iré el lunes a Villagarcía con objeto de hacer la averiguación que usted desea y del resultado avisaré a usted y para entonces daré a usted todas las noticias que pueda adquirir sobre dólmenes y menhires.

Haré el artículo y la fábula para el almanaque y si alguna ocupación no me lo impide se los enviaré a usted pronto, si no prefiere usted venir por acá y llevárselos usted mismo. Adiós amigo mío tenga usted la bondad de ponerme a los pies de su señora y de dar mis cariños a la niña y usted no dude que le quiere de veras su afectísimo amigo

R. del Valle

Puebla 25 de agosto de 1866

2. Carta de Ramón del Valle y Bermúdez a Manuel Murguía. Vilanova de Arousa, 24-I-1868.

Señor don Manuel Murguía

Mi querido amigo : al acabar de leer ayer noche la interesante novela El caballero de las botas azules que no había tenido el gusto de ver antes porque sepultado en este destierro he ignorado mucho tiempo su publicación, había formado el propósito de escribir a usted hoy, y al verme esta mañana agradablemente sorprendido con su carta del 20 y

un ejemplar de la novela y otro del almanaque tengo una doble satisfacción al hacerlo. Al dar a usted pues las gracias más expresivas reciba mi cordial parabién y tenga la bondad de felicitar a su señora por el excelente libro que acaba de publicar. Ignoro cual pueda ser la acogida que halle en el público y cual fuese el juicio que de él hubiesen hecho los críticos, lo que importa muy poco tratándose de expresar la impresión que he sentido al leerlo en lo que por lo demás no hubieran influído aquellas circunstancias ni poco ni mucho; pero creo que si no me ciega el afecto, o no soy muy negado, ese libro tiene que alcanzar un éxito extraordinario.

Agradezco a usted mucho la noticia que me da sobre [el] ferrocarril, de lo que me hicieron una indicación vaga. Dios quiera que el asunto se arregle y que se acuerden de mí, pues eso me proporcionaría la satisfacción de estar cerca de usted y de que volviesen a renovarse aquellos paseos y aquellas reuniones tan interesantes.

Siento no poder decir a usted nada todavía de lo de Rianjo, pues aunque he vuelto allá otra vez no estaba el [ilexible] y después unas veces por ocupaciones y otras por enfermedad no pude volver. No obstante no dimito del propósito y haré otra excursión a aquel pueblo en cuanto el tiempo se mejore.

Adiós amigo mío, sabe que lo es suyo de corazón el que besando los pies de su señora se repite de usted siempre afectísimo

R. del Valle

Villanueva 24 de enero de 1868

3. Carta de Ramón del Valle y Bermúdez a Manuel Murguía. Vilanova de Arousa, 21-XI-1868.

Señor don Manuel Murguía

Mi queridísimo amigo: no he contestado antes a su grata del 31 del mes último porque desde el día primero de este he tenido disgustos muy grandes y no he sido dueño de mí mismo un solo momento. Desde ese día ni me he desnudado ni me he acostado hasta ayer asistiendo a mi hija que la tuve a la muerte y a mi buena madre que al fin sucumbió.

No era necesaria tampoco mi contestación para que usted tuviera la seguridad de que haré en su obsequio cuanto esté de mi parte. Por desgracia mi influencia es muy escasa y sólo en el distrito de la Puebla podré hacer algo porque en los demás del partido domina completamente la Unión Liberal con cuya gente no estoy muy [ilexible] que digamos. Hoy escribiré a algunos amigos y de lo que adelante y de lo que adelante [sic] avisaré a usted.

No he visto todavía a Trillo para hacerle presente lo que usted me encargó; pero esto poco podrá servirle a usted y mucho menos en la provincia de la Coruña.

No puedo extenderme más por hoy. Adiós amigo mío sabe que le quiere de corazón su afectísimo

R. del Valle

Villanueva 21 de noviembre de 1868

Os textos de Ramón del Valle Bermúdez. Reseña e análise

Xaquín Núñez Sabarís

Don Ramón del Valle Bermúdez non só tivo como mérito máis salientable ser o proxenitor dun dos escritores máis louvados do século XX nas letras hispanas senón que tamén, deixou un considerable legado tanto no eido xornalístico como no cultural. O seu labor como xornalista foi fecundo na segunda metade do século XIX como o pon de manifesto o feito de que fose o fundador e director do xornal *La Voz de Arosa*,[1] membro da redacción de varios xornais como *El País Gallego*[2] e as distintas colaboracións que asinou en diferentes publicacións e que reflicten a súa participación no mundo intelectual galego de fin de século. Froito deste seu interese polas letras xorde a súa actividade como literato ademais do tecemento dunha importante rede de amistades coas personalidades máis sólidas do ambiente literario e intelectual da época, aspecto este que á postre sería moi importante na vida literaria do seu fillo Ramón del Valle-Inclán. Na biblioteca e tertulia dos irmáns Muruáis o xove Ramón del Valle Peña tivo acceso a toda a literatura finisecular europea do momento que tanta incidencia tería nas súas primeiras narracións.[3] Respecto á importancia de Murguía, a ninguén se lle escapa o feito de que foi o polígrafo coruñés quen prologou o primeiro libro de Valle-Inclán, Femeninas, gracias á amistade que o unía co seu proxenitor como se explicita no propio prefacio[4]:

> *Más ¿cómo callar en líneas escritas al frente del libro del hijo, la grande estrecha amistad que nos unió á su padre? Como no recordar al escritor y poeta intachable, al alma pura, al íntegro carácter*

[1] Malia que non se conservaba ningunha testemuña deste xornal, recentemente achouse o encabezamento do número: *La Voz de Arosa*. Periódico Bisemanal de Intereses Generales, Ano II, nº 93, sábado 1-IV-1882.

[2] Esta noticia recóllese no propio xornal o 16 de xaneiro de 1890.

[3] É moito o que se escribiu a propósito deste tema pero xa no seu momento, Said Armesto falou da débeda que os primeiros textos do autor gardan coa literatura finisecular. Víctor Said Armesto, *Un libro modernista: Femeninas de Valle-Inclán*; *Análisis y ensayos*; Pontevedra, Carragal, 1897.

En canto á crítica moderna Emilio González López, entre outros moitos, tamén fai fincapé neste aspecto. Emilio González López, *Los cuentos de Valle-Inclán: su evolución; del decadentismo al simbolismo* en Clara Luisa Barbeito (ed.), *Valle-Inclán: Nueva valoración de su obra* (Estudios críticos en el cincuentenario de su muerte); Barcelona, Promociones y Publicaciones Universitarias, 1988.

[4] Recentemente publicouse a correspondencia de Ramón del Valle Bermúdez e Ramón del Valle-Inclán con Murguía que pón de manifesto esta relación amistosa. *Cartas eruditas e literarias a Murguía. Ramón del Valle-Inclán y Bermúdez. Ramón del Valle-Inclán y Peña*, Sada, Edicións do Castro, 2000.

Sábado 1.° de Abril de 1882.

LA VOZ DE ARUSA.

PERIÓDICO BISEMANAL DE INTERESES GENERALES.

AÑO II.

SUSCRICION. Pesetas.
En toda la comarca.....Trimestre, 1'20.
En los demás pueblos..... » 1'25.

CORRESPONDENCIA.
Al Director.—Villagarcia.
Anuncios y comunicados á precios convencionales.

NÚM. 93.

SE PUBLICA LOS MIÉRCOLES Y SÁBADOS.

EL SEÑOR

D. FRANCISCO DE LA PEÑA CARRESID

HA FALLECIDO

en Villanueva el dia 31 de Marzo á las nueve y media de la noche.

R. I. P.

Su viuda D.ª Josefa Montenegro y Saez sus hijos D. José y D.ª Maria de los Dolores, hijos políticos D. Ramon del Valle y D.ª Peregrina Gonzalez nietos, hermana, hermanos políticos, sobrinos, y demás parientes

Suplican á sus amigos se sirvan encomendarlo á Dios y asistir á sus funerales, el martes 4 del actual á las diez de la mañana en la iglesia parroquial de dicha villa, en lo que recibirán especial favor.

NO SE RECIBE DUELO.

— 40 —

al paso hácia Salamanca. El conde D. Sandias cabalgaba entre sus dos sobrinos, sujetas las riendas al arzon de la silla, cabe su mano izquierda; y pendia inmòvil su diestra por el otro lado. Hubiérase dicho que vivia aun.

Noticiaron à Bernardo que se acercaba su padre, montó á caballo para correr á su encuentro, y mientras seguia su camino, ignorante como estaba de la muerte del desdichado, procuraba representarse en su imaginacion la figura del anciano tal como debia estar, y se disponia á decirle mil y mil cosas que se ajitaban en lo mas profundo de su pecho. Anochecia ya cuando avistó la comitiva. Salta en el mismo instante de la silla, corre gozoso hacia el anciano caballero, se apodera de su diestra, y la lleva á los labios con respeto: pero cuando sintió sobre su boca esa mano helada, cuando habiendo mirado al anciano, vió impreso en su faz venerable el sello de la muerte entónces, entonces fué presa de un dolor horrible, de un dolor que en vano intentariamos pintar. A pe-

— 37 —

—Señor, replicó Bernardo, un caballero pobre gana mas en la guerra que en la paz.

—Os repito de nuevo, replicó el rey, que deseo haya paz entre nosotros. Para ello vos me daréis el castillo del Carpio, y yo por mi parte os daré à vuestro padre.

—Plege a Dios que así sea.»

Partieron sobre la marcha los condes don Arias Godos y don Teobaldo, con un caballero del partido de Bernardo, que debia entregarles el castillo del Carpio; y los condes don Velasco Meléndez y don Suero Velazquez fueron á buscar al de Saldaña, acompañados de un mensajero del rey. Pero poned atencion en lo que sigue:

Los primeros años de su prision, el conde D. Sandias los habia soportado con la firmeza propia de un noble; tanto mas, cuanto que alimentaba la esperanza de que llegaria el dia en que, ú olvidado de su falta el rey D. Alfonso el Casto, ú obtenido el perdon por medio de su hijo, recobraria la libertad. Recibia

á aquél que llevó el mismo nombre y apellido que nuestro autor y fué tan digno de la estimación en que le tuvimos siempre y con la que nos correspondía? Aún fué ayer, cuando con el pie en el sepulcro, nos tendió por última vez su mano y hablamos de las cosas que de tanto tiempo atrás, nos eran queridas, —la patria gallega y la poesía que había encantado sus horas solitarias.[5]

O propio Murguía salienta a devoción literaria de Valle Bermúdez da cal foron testemuñas os lectores do segundo tercio do século XIX. Mais este non foi o único motivo temático que cultivou nos seus artigos diseminados polos distintos xornais do momento[6]. A primeira colaboración coñecida data de 1863 no xornal compostelano *La Opinión Pública*[7]. É un artigo sen título que mostra as opinións do autor sobre a administración pública municipal. Resulta ser unha invectiva contra a maioría dos rexidores municipais: alcaldes e secretarios. Cifra os vicios dos primeiros no desamparo ó que someten ós cidadáns e no uso que fan en proveito propio dos bens públicos, sinala a súa inxustiza no trato cos disidentes e a prevaricación no concernente á administración económica como os dous principais abusos. Afirma que os principais aliados destes son os secretarios que desde a súa posición de funcionarios exercen a miúdo unha influencia insana sobre os principais rectores dos organismos municipais.

A segunda publicación encóntrase no *Almanaque de Galicia*[8] que publicaba o editor lucense Soto Freire. Seguramente este artigo foi de novo o resultado da súa amistade con Murguía quen tivo unha ampla relación co editor Soto Freire pois o escritor coruñés será o encargado de realizar a sección de "Efemérides" neste número do *Almanaque*[9], ademais é na propia editorial onde

[5] Ramón del Valle-Inclán, *Femeninas,* Pontevedra, Imprenta de Landín, 1895, pp. XX-XXI.

A noticia do pasamento de don Ramón del Valle Bermúdez á que se fai alusión neste fragmento foi recollida polo xornal El País Gallego o 16 de xaneiro de 1890. Este dato tamén se pode ler no Catálogo da Exposición da Universidade de Santiago de Compostela, *Don Ramón del Valle-Inclán (1866-1898)*, vol I, p. 25

[6] Utilízase a recensión que destes artigos realiza Xaquín del Valle-Inclán Alsina na súa introducción ó libro antes citado, *Cartas eruditas e literarias a Murguía...* O cómputo total é o seguinte:

S/t, *La Opinión Pública*, ano I, nº 8, 26-VIII-1863.

La Oración. Cuadro de costumbres marítimas, Almanaque de Galicia, para uso de la juventud elegante y de buen tono, dedicado a todas las bellas hijas del País, Lugo, Imprenta de Soto Freire Editor, 1865, pp. 54-55.

Á la ría de Arosa, álbum de las composiciones premiadas en los Juegos Florales celebrados en la ciudad de Santiago en julio de 1875, Santiago de Compostela, Establicimiento tipográfico de El Diario, 1877, pp. 51-57.

"Villagarcía", *La Ilustración Gallega y Asturiana,* Madrid, Tomo II, nº1, 8-I-1880.

S/t, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Tomo III, nº 29, 18-X-1881.

"Ante la tumba de Méndez Núñez", *El Anunciador*, Pontevedra, 18-VIII-1884.

"Tambo", *Crónica de Pontevedra*, Pontevedra, ano I, nº 2, 3-V-1886.

"Fué un convento", *Crónica de Pontevedra*, Pontevedra, ano I, nº 48, 28-VI-1886.

"El castillo de Lobeira", *Crónica de Pontevedra*, Pontevedra, ano I, nº 93, 23 VIII-1886 e ano I, nº 95, 25-VIII-1886.

[7] *La Opinión Pública*, Santiago de Compostela, ano I, nº 8, 26-VIII-1863.

[8] *Almanaque de Galicia, para uso de la juventud elegante y de buen tono, dedicado a todas las bellas hijas del País,* Lugo, Imprenta de Soto Freire Editor, 1865, pp. 54-55.

[9] Op. cit., p. 3-7.

comezará a publicar por entregas o tomo I e II da súa Historia de Galicia[10]. Constátase tamén que a relación de Valle Bermúdez con Soto Freire sobreviviu a este ano de 1865 como así o pón de manifesto Xaquín del Valle-Inclán Alsina quen afirma que o escritor arousán recibiu unha solicitude do editor para colaborar no xornal lucense *El Gallego*[11]. E da lectura do epistolario de don Ramón del Valle a Murguía[12] tamén se extrae a noticia do ofrecemento para seguir colaborando neste Almanaque de Galicia pero a realidade é que só se coñece, ata o momento, a única participación no número de 1865.

O artigo titúlase "La oración (Cuadro de costumbres marítimas)" e como perfectamente se indica no seu subtítulo é un cadro de costumes. Comeza cunha exaltación á beleza da ría de Arousa (motivo que será recurrente en moitos dos seus textos) para intercalar a continuación uns párrafos de denuncia social onde contrasta tal beleza coa dureza que decora a vida da poboación mariñeira. É o marco onde inserta o cadro que cubre a maior parte do artigo: describe a escena que se vive unha tarde do mes de agosto nas costas arousáns do Barbanza e que relata a chegada dun mariñeiro nunha dorna e como a súa muller o vai esperar acompañada do vástago de ambos. En todo momento o autor incide no lirismo e na ternura que envolve a acción pois expón que a soidade do mar non inculca a falta de sensibilidade familiar nos mariñeiros. Se se dixo que era un cadro de costumes é porque o autor subliña o seu carácter arquetípico, máis lonxe do poder anecdótico e singulativo da escena: "Terminada esta escena, que mas (sic) de una vez ha iluminado con su luz la luna, se retiran aquellas gentes á sus hogares"[13]. Finalmente non desaproveita a ocasión para brindarlle unha homenaxe á terra sobre a que escribe e inserta unha cantiga popular en galego como colofón do texto:

Vente ventiño do mar
Vente ventiño mareiro,
Non me fagas esperar
Traeme ó meu compañeiro[14].

O primeiro texto de índole literaria deste elenco de artigos[15] é un texto datado en Vilanova de Arousa o 8 de xullo de 1875 e que foi premiado nos Xogos Florais celebrados en Santiago nese mesmo ano malia que non foi publicado ata 1877, data na que se edita o álbum destes Xogos[16]. Trátase dun poema que leva por título "A la ría de

Tamén conta este número con varios artigos da muller de Murguía, a poetisa Rosalía de Castro: "El cadiceño", p.37, "Las literatas", p. 56 e "Poesía", p. 73.

10 Cfr. Cartas eruditas e literarias..., p. 26.

11 Ibid., p. 14.

12 Ibid., cartas 1, 7 e 8.

13 Almanaque de Galicia..., op. cit.., p. 55

14 Ibid., p. 55.

15 O Catálogo da exposición da Universidade de Santiago de Compostela *Don Ramón del Valle-Inclán (1866-1898)* reproduce parcialmente un poema de don Ramón del Valle Bermúdez titulado "Ildaura". Op. cit., p., vol. I, p. 38. Tamén Xaquín del Valle-Inclán Alsina da conta desta reproducción, op. cit., p. 16. Debido á parcialidade e ilexibilidade desta composición, non se tivo en conta para o presente estudio.

16 *Álbum de las composiciones premiadas en los Juegos Florales celebrados en la ciudad de Santiago en julio de 1875*, Santiago de Compostela, Establicimiento tipográfico de El Diario, 1877, pp. 51-57.

Arosa" e como se pode extraer do seu encabezamento continúa coa temática arousana iniciada no artigo anterior. A composición vai encabezada por unha estrofa do poeta luso Camões moi acorde coa temática que imperará no poema.

É un romance de versos octosílabos onde riman en asonancia os impares e está composto dunha estructura circular xa que os versos que abren e pechan o artigo fan alusión, nunha estructura de carácter metafórico, ás ás dos céfiros e da brisa onde viaxa a memoria evocativa do eu lírico. Inicia exhortando ás "memorias dulcísimas" que o transporten "A las riberas tranquilas/ Que besan las mansas olas/ De la reina de las rias"[17] para finalizar co ofrecemento do envío, ás ditas rías, da memoria do eu lírico "En las alas de la brisa"[18]. Polo tanto a ría oficia neste texto como obxecto da descripción e ó mesmo tempo destinatario das palabras sentidas do suxeito da composición[19].

No medio desta estructura circular achamos de novo unha evocación lírica da beleza da ría de Arousa e do seu alrredor. Non está exenta esta composición poética de interesentes estructuras literarias como a imaxe cromática das praias arousáns: "Playas de oro y esmeralda"[20]. E como non podía ser doutro xeito o percorrido pola paisaxe arousán tamén se tingue de motivos xeográficos do entorno da ría os cales se citan no poema: a península do Barbanza, o pico da Curota e os ríos Umia e Ulla.

Se o texto anterior inaugurou a publicación de escritos literarios o presente inaugura os artigos de carácter histórico. Data do ano 1880 e é un artigo que viu a luz no xornal *La Ilustración Gallega y Asturiana*[21]. Titúlase "Villagarcía" e insiste na temática arousana aínda que don Ramón del Valle abandona o lirismo para centrarse no artigo de investigación histórica[22]. Fai un percorrido pola orixe da vila afirmando que no inicio só había un pequeno pobo chamado Arealonga debido ó amplo areal da praia[23]. Posteriormente este teritorio foi doado por Afonso VI ó mosteiro de San Martiño de Pino para pasar —"no sabemos cómo" en palabras do autor— á dignidade arcebispal, mais os prelados composteláns farían unha nova cesión, esta vez á familia dos Caamaños. Cifra o cambio do nome de Arealonga a Vilagarcía o 12 de maio de 1441, na "Carta Puebla otorgada diez y siete años antes á los moradores de Arealonga, por la cual, dando á este lugar la denominación de Vilagarcía (...)"[24].

[17] Ibid., p. 53, v. 2-8.

[18] Ibid., p. 57, v. 72.

[19] Durante todo o texto é recurrente o uso da segunda persoa de singular para designar á ría de Arousa. En moitos momentos a ría pasa de ser o obxecto pasivo que se describe a se-lo vocativo ó que se dirixe o eu lírico.

[20] Op. cit., p. 54, v. 25.

[21] "Villagarcía", *La Ilustración Gallega y Asturiana,* Madrid, Tomo II, nº 1, 8 - I - 1880. Xaquín del Valle-Inclán Alsina equivócase dando a data do 7 de xaneiro en vez da do 8 de xaneiro de 1880, op. cit., p. 17.

[22] Na correspondencia do escritor con Murguía advírtese como os achazgos relativos á investigación arqueolóxica e histórica están nas conversas entre ambos. Op. cit., pp. 37-65.

[23] Hoxe en día unha das parroquias do municipio de Vilagarcía de Arousa chámase Santa Eulalia de Arealonga.

[24] Op. cit., p. 3.

A comunidade de monxes Benedictinos de San Martiño de Santiago de Compostela foi a primeira en disputarlle o señorío da vila ós señores de Caamaño; froito desta pugna produciuse a cesión ó mosteiro por parte de don García Caamaño do señorío e xurisprudencia do Castro de San Cristobo (hoxe en día Vista Alegre)[25], en troques do aforamento do territorio no que se edificaba o lugar de Vilagarcía. Pero a presión clerical seguiu exercendo e así no testamento de don García Caamaño o territorio voltou á inicial posesión arcebispal. Máis tarde Felipe II, con autorización pontificia, mandou desmembrar a vila da xurisdicción da dignidade arcebispal de Santiago e incorporala á Coroa. O último tránsito que documenta o autor é a venda que lle fai a autoridade rexia a don Rodrigo de Soutomaior.

Despois desta noticia histórica o autor cifra os monumentos pervivintes da época da fundación da vila, afirma que ata hai poucos anos aínda se podían observar os vestixios das paredes da morada feudal e salienta o feito de que sobrevivise ás revoltas populares da Idade Media.

Pero tal vez o máis significativo do artigo, polo que revela das coordenadas ideolóxicas de Valle Bermúdez vén ó final do texto. Non desaproveita a ocasión para arremeter duramente contra o sistema político local, en particular, e o nacional, en xeral. Do primeiro critica o escaso senso co que se leva a cabo a planificación urbanística e do segundo sinala o caciquismo como o grande impedimento para o desenvolvemento de Galicia[26].

De menor importancia é o segundo artigo da *Ilustración Gallega y Asturiana*[27] pois non é propiamente un artigo de don Ramón del Valle Bermúdez senón que as liñas deste xornal fan a reseña dun escrito de don Ramón aparecido en *La Voz de Arosa* e que relataba os descubrimentos arqueolóxicos acaecidos en Paradela e Baión. Basicamente estes achazgos reducíanse a utensilios —machadas máis en concreo— da Idade de Bronce. O autor da reseña dá noticia tamén de outros achazgos

[25] William Smither *(El mundo gallego de Valle-Inclán,* Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1984, p. 106) afirma que Valle-Inclán se está a referir a esta construcción cando na súa obra aparece "Por la puerta del Deán, que aún quedaba en pie de la antigua muralla", *Flor de Santidad en Obras Escogidas,* Madrid, Aguilar, 1971, tomo I, p. 349 e Los Cruzados de la Causa, Ibid., tomo II, p. 170)

[26] Ramón del Valle Bermúdez está apuntando ó mal que azotou a vida política da España do século XIX pero en especial á época da Restauración borbónica que, período que se inicia no 1874 e que aínda pervivía neste ano de 1880. O sistema bipartidista de alternancia entre conservadores e liberais favorecía a implantación do caciquismo e o amaño das eleccións nas provincias (cfr. *Historia política y social Moderna y Contemporánea,* Madrid, Universidad Nacional de Educación a Distancia, Tomo II, 1994). Atópase un magnífico documento desta época na obra de doña Emilia Pardo Bazán, *Los pazos de Ulloa,* Madrid, Castalia, 1990).

É comprensible a incomodidade de don Ramón co vixente sistema político pois durante o Sexenio Revolucionario (1868-1874) foi vocal do Comité Republicano de Vilagarcía de Arousa, constituído en 1873 logo da Primeira República. Faise eco deste dato Xaquín del Valle-Inclán Alsina, op. cit., p. 13)

[27] Aínda que Valle-Inclán Alsina (op. cit., p. 17) dá como título do artigo "Hallazgos arqueológicos en Paradela, Bayón y El Grove" o certo é que no encabezamento da reseña non se estipula ningún título; é máis, vai incluido nunha sección do xornal onde se resumían as distintas noticias publicadas no resto da prensa. A referencia completa do artigo é *La Ilustración Gallega y Asturiana,* Madrid, Tomo III, nº 29, 18-X-1881, p. 348.

arqueolóxicos no Grove, aínda que non di cales, a cargo de R. Thompson e Antonio López Ferreiro.



Pontevedra na segunda metade do século XIX.

O seguinte texto de creación poética é o titulado "Ante la tumba de Méndez Núñez" e como o seu propio título indica foi unha composición poética recitada ante a tumba do insigne mariño pola comisión organizadora dos Xogos Florais de Pontevedra en 1884[28] e que reproduce o xornal pontevedrés El Anunciador[29]. O poema, ó igual que o anterior, vai encabezado por unha cita —neste caso son uns versos de Espronceda—[30] e está composto de estrofas de catro versos con rima AbAB sendo os versos de arte maior endecasílabos e o de arte menor heptasílabo[31]. É unha elexía onde o autor chora a morte do protagonista pero ó mesmo tempo louva as súas principais virtudes: o patriotismo e a valentía. Ó longo do poema tamén fai mención das súas fazañas no Pacífico e en concreto da que tivo lugar en Perú[32].

A nivel formal as imaxes de escuridade e frialdade coas que se caracteriza a morte contrapóñense á luminosidade das súas fazañas: "sepulcro frío", "sombra venerada", "helada tumba" fronte a "el explendor de su glorioso nombre", "el destello inmortal de su memoria" y "los rayos de la luz febea iluminan los lampos de su gloria"[33].

"Ante la tumba de Méndez Núñez" supón a derradeira creación literaria

---

28 Cfr. Xaquín del Valle-Inclán Alsina, op. cit., p. 16. En 1883 os restos mortais de Méndez Núñez foron a ocupar un lugar no Panteón de Marinos Ilustres na cidade de San Fernando (Cádiz), polo tanto alí debeu ser onde se recitou o poema.

29 *El Anunciador,* Pontevedra, 18-VIII-1884

30 Os versos de Espronceda pertencen á penúltima estrofa da súa composición poética "A la patria", poema que está composto dunha temática moi similar á do texto de don Ramón. (cfr. *Antología poética*, José de Espronceda, Madrid, Clásicos Taurus, 1991, p. 100).

31 Esta composición métrica pode ser un exemplo de "cuarteto lira" tendo en conta a clasificación que fai José Domínguez Caparrós en Métrica Española, Madrid, Editorial Síntesis, 1993. Malia que Domínguez Caparrós estriba a estructura do "cuarteto lira" nunha estrofa de catro versos con rima ABBA ou ABAB con dous endecasílabos e dous heptasílabos, o feito de que poña como exemplo desta construcción precisamente os versos de "A la patria" de Espronceda, fai pensar que Valle Bermúdez ó iniciar o seu poema cos versos de Espronceda quixo adoptar esa construcción métrica pero con algunha variante que creía máis oportuna para o caso.

32 Casto Méndez Núñez (Vigo, 1824-1869). O insigne mariño vigués tivo como batalla máis sonada a que aconteceu en aguas do Pacífico contra o Perú e Chile entre 1865 e 1866 á fronte da fragata blindada Numancia e da que se fai mención neste poema. Cfr. *Gran Enciclopedia Gallega,* Santiago de Compostela-Gijón, Silverio Cañada Editor, 1974, tomo 21.

33 Op. cit.

deste conxunto de escritos pois os tres últimos textos son estudios de investigación arqueolóxica e histórica publicados en 1886[34] no xornal Crónica de Pontevedra e titulados "Tambo", "Fué un convento" e "El Castillo de Lobeira" respectivamente.

O primeiro documento da triloxía fai referencia á illa de Tambo[35] situada na ría de Pontevedra fronte ás costas de Marín. O autor nicia o artigo comparando a súa forma cos monumentos funerarios da antigüidade ós cales sen embargo non parece remitir o seu nome malia á súa similitude fonética.

Aínda que fértil don Ramón advirte que máis que para agricultura a illa parece máis disposta para o descanso en soidade dada a situación privilexiada que ten no conxunto da ría.

Respecto á historia afirma que en principio era unha península cun istmo de area que a unía co que hoxe é Lourido pero o ímpeto do Lérez destruíuno, colaborando deste xeito ó seu illamento. No século VI Alberto Arcebispo de Braga, fuxindo da persecución dos seguidores da doutrina de Arrio, instalouse na illa e ergueu un templo dedicado a San Miguel que precedeu á aparición do Arcanxo alí mesmo. Este milagroso feito motivou a devoción dos habitantes dos contornos da illa durante a antigüidade.

Non está exenta a historia da illa como calquera fundación piadosa da súa particular lenda. Dicíase que durante as xornadas de devoción o mar baixaba dúas veces para permitir o acceso dos devotos. Nunha ocasión, cando os fervorosos veneradores do templo voltaban para o continente viron como a marea subía de súpeto e os encontraba no medio do camiño. Non obstante conseguiron acadar terra firma agás unha muller embarazada que no intre en que era cuberta pola auga deu a luz, só a intermediación do Arcanxo fixo que milagrosamente aparecesen tanto ela como o seu novo vástago sans e salvos en terra ó outro lado da illa.

Dá remate ó artigo establecendo o final, tanto do santuario como da súa devoción, nas invasións normandas que azoutaron o noroeste peninsular[36]

"Fué un convento"[37] encabézase cunha cita de Arolas[38] e relata a historia dunhas ruínas compostas dunha torre gótica despoxada de campás e na que se destacaba unha cruz. Estes restos podíanse ver chegando desde o mar á praia da Pobra do Caramiñal pois estaban ubicadas ó pé da praia. Correspondían tales ruinas ó convento de franciscanos de San Antonio da Pobra.

[34] Parte das cartas de Valle Bermúdez a Murguía son deste mesmo ano e fan referencia ós encargos de investigación arqueolóxica que Murguía lle facía ó seu amigo para a *Historia de Galicia*. É probable que froito destes esforzos investigadores saísen estas tres publicacións.

[35] "Tambo", *Crónica de Pontevedra,* ano I, nº2, 3-V-1886.

[36] As invasións normandas prodúcense por primeira vez en España no ano 843. Chegan ás costas cantábricas onde son expulsados, por tal motivo desplázanse cara ó oeste chegando á Coruña en 1844. Cfr. *Enciclopedia Gallega,* op. cit., tomo II, p. 218.

[37] *Crónica de Pontevedra*, Pontevedra, ano I, nº 48, 28-VI-1886.

[38] Estase a referir ó poeta Juan Arolas y Aris (Barcelona 1805-Valencia 1849). Cultivou a poesía romántica cunha forta influencia do francés Chateaubriand. Cfr. *Gran Enciclopedia de España,* Javier Arbués Villa (dir.), Zaragoza, 1991, tomo II, p. 982.

Don Ramón declara que no 1886 xa non queda ningún vestixio da construcción e inserta a historia do convento. Esta remóntase á súa fundación por don Arias Pérez de Goyanes que o mandou constriuír para maior comodidade dos frades dun ermitorio con advocación de San Xoán Evanxelista e coa perseverancia do nobre e as posteriores esmolas dos fieis foi rematado en 1474 e reformado no século XVII.

Pero o que ocupa a meirande parte do artigo non é a historia do edificio senón unha anécdota acaecida nel en 1598. Estriba este acontecemento na chegada dun xove pelegrín que pide asilo que lle é concedido polos monxes, mais o agrado do xove fai que esta provisional estancia deixe de selo pois pasa a formar parte do servicio do mosteiro. Non tería nada de estrano o feito se non fose porque o tal xove non era senón unha moza disfrazada con roupas masculinas. O móbil da moza, como se desprendeu de posteriores confesións, non foi outro que a vontade dos pais de querela desposar, tendo ela feito os votos de castidade. Esta decisión contra o seu desexo provocou a súa fuxida cara a Compostela, primeiro, e a Pobra despois.

Alí pasou varios meses xa que unha vez descuberto o engano aínda permaneceu un tempo no mosteiro do Caramiñal ata que foi trasladada ó convento feminino de Santa Clara en Pontevedra onde co tempo sería abadesa.

Finalizada a anécdota, o autor completa a historia do edificio e afirma que a barbarie dos antiguos veneradores



Reconstrucción ideal do castelo de Lobeira no concello de Vilanova de Arousa.

destruíuna cunha enorme rapidez unha vez exclaustrada a comunidade. Malia que se lle atribuíu a esta destrucción unha causa política, don Ramón sinala como a principal responsable "la brutal ignorancia de quienes nada tenían de políticos"[39].

A última colaboración "El castillo de Lobeira"[40] está iniciada cunha nota erudita do sevillano Rodrigo Caro pertencente á súa obra *A las ruinas de Itálica*[41]. A estructura vólvese a repetir: inicia dando noticia dos restos da ruína. Estes reducíanse á torre do antigo castro Lupário que daba unha idea da antiga fortaleza do mesmo. E como non podía ser doutro xeito inserta a historia do castelo que el divide en dúas partes, a primeira sae o 23 de agosto mentres que a segunda o 25 do mesmo mes. Comeza afirmando que é difícil establecer a historia deste castelo pero que a súa construcción non puido ser posterior á dominación romana. Na Idade Media foi a residencia predilecta da raíña dona Urraca en Galicia e posteriormente foi ocupada polo nobre galego Pedro Arias. Máis tarde tivo ocupación, unha vez máis, da raíña que deu lugar a unha alternancia no seu dominio entre o poder real, feudal e eclesiástico.

A segunda parte comeza no punto onde se detivera na antevíspera; é dicir, co dominio do castelo por parte do Mariscal Suero Gómez de Soutomaior pero as revoltas a propósito da posesión continúan e este nobre e o seu fillo serán aprisionados no propio castelo e tratados con crueldade por homes do prelado que querían recuperalo para o arcebispo. Liberado despois de tres anos polas turbas populares, o Mariscal toma cumprida vinganza contra o arcebispo retendo á irmá deste, dona Ildaura[42] de Fonseca, quen será rescatada por Iban de Soutomaior, o fillo do Mariscal rompendo por amor os designios guerreiros do pai.

A parte terceira pecha a estructura deste artigo e ó igual que no anterior dá como a causa da defunción das ruinas á barbarie humana.

Mais non sería aconsellable terminar o comentario deste último texto sen advertir que este mesmo título foi utilizado polo seu fillo Ramón del Valle-Inclán para unha das "Cartas galicianas", a terceira aínda que el lle dá o número IV[43]. Con toda certeza don Ramón coñecía o escrito do seu proxenitor debido á escasa marxe temporal

[39] Op. cit.

[40] Referencias a estas investigacións áchanse nas cartas 1 e 5 de *Cartas eruditas e literarias...*, op. cit., pp. 37-65. A referencia do artigo é "El Castillo de Lobeira", *Crónica de Pontevedra*, ano I, nº 93, 23-VIII-1886 e ano I, nº 95, 25-VIII-1886.

[41] Rodrigo Caro (1573-1647) foi un sacerdote, poeta e erudito sevillano. A obra que aquí se cita A las ruinas de Itálica, en realidade titúlase *Canción a las ruinas de Itálica* e foi un libro composto baixo a impresión que lle causaron ó autor os restos da antiga cidade de descanso das tropas romanas xunto a Sevilla. Cfr. *Gran Enciclopedia de España,* op. cit., Tomo V, p.l 238.

[42] É preciso lembrar que "Ildaura" é título do poema manuscrito que aparece no Catálogo da Universidade, op. cit., p. 38.

[43] "Cartas galicianas IV. Por la tierra saliniense. El castillo de Lobeira", *El Globo*, Madrid, 4 de noviembre de 1891. Reproducen este texto William Fichter, *Publicaciones periodísticas de don Ramón del Valle-Inclán* anteriores a 1895, México, El Colegio de México, 1952, pp. 76-80 e Javier Serrano Alonso, *Artículos completos y otras páginas olvidadas*, Madrid, Ediciones Istmo, "Bella Bellatrix, 1987, pp. 128-131.

que sucede entre o primeiro artigo e o segundo, cinco anos, e ás concomitancias que ambos presentan. O subtítulo ("Por la tierra saliniense") xa fai referencia ó inicio do artigo de Ramón del Valle Bermúdez ("Dominando la tierra Saliniense"[44]). Tamén inserta o autor de Luces de bohemia parte da historia que contara o seu pai relativa ó castelo. Pero onde a sintonía se fai máis patente é cando Valle-Inclán recolle o simbolismo que establecera Valle Bermúdez respecto ó feito de que as casas dos campesiños se fixesen coas pedras do antigo coloso:

> *Los muros fueron poco á poco demolidas (sic) y los sillares arrojados desde lo alto á la llanura y trasportados á las aldeas inmediatas, forman hoy parte de las modernas construcciones. Los descendientes de los antiguos siervos levantando sus rústicas viviendas con los restos de la soberbia morada feudal de los altivos opresores de la comarca, han dado testimonio de lo que hay de vano y perecedero en las humanas grandezas.*
>
> *¿Habrá en esto algo de providencial?*[45]

Valle-Inclán recolle a mensaxe do relato de 1886 e termina o artigo cunha pregunta que lembra a do seu proxenitor:

> *Habíamos llegado a la aldea y la moza entró en una casuca miserable, cuyas paredes cuarteadas estaban construídas con sillares del castillo.*
>
> *¿Sabrían aquellos rústicos descendientes de los siervos de la gleba que realizaban una venganza?*[46]

Esta última colaboración xornalística termina o elenco de publicacións de don Ramón del Valle Bermúdez e con el este traballo que non pretendía ser máis, nin menos por suposto, que un sucinto percorrido pola producción literaria e histórica do polígrafo arousán. Non obstante a complexidade dos artigos aquí reseñados emplaza a posteriores traballos onde se anoten[47] e comenten máis detalladamente estes textos, empresa que se posón para sucesivos cometidos pois a angostura de tempo e espacio actuais non aconsellaban a realización de tal propósito.

[44] Crónica, op. cit.

[45] Ibid.

[46] William Fichter, op. cit., pp. 79-80.

[47] Polas razóns apuntadas e por non abultar o texto con numerosos escolios non se anotaron os personaxes e as referencias históricas ás que alude don Ramón del Valle Bermúdez nos artigos.



O Ferrocarril Compostelano e Ramón del Valle Bermúdez

Francisco X. Charlín Pérez e
Anselmo Menéndez Villalva

Dos datos biográficos que de Ramón Valle Bermúdez (1823-1890) se coñecen, hai dous que semellan transcendentais para entender acaídamente a súa traxectoria vital.

O primeiro é a súa ubicación ideolóxica no liberalismo progresista, mais sendo tamén partícipe das teses do Provincialismo xurdido a partires da Revolución galega do 46, e máis tarde, xa no Sexenio Revolucionario, nas do seu continuador o Rexionalismo.

O segundo, a súa participación nos debates sobre os temas que, debido á súa gravidade, monopolizaban daquela a atención política e xornalística en Galicia. Estamos a nos referir ao problema da terra (os foros) e ao atraso do ferrocarril, indispensables para activar o desenvolvemento comercial e industrial dun país que estaba a quedar atrás na vertixe de transformacións técnicas e económicas que estaba a experimentar Europa. Daquel é bo exemplo a súa asistencia ás sesións do "Congreso Agrícola Gallego" que se celebrou en Santiago en xullo de 1864 e onde votou, ao lado de Manuel Murguía, a prol das teses redencionistas. No tocante ao ferrocarril, cabe sinalar non só o interese que ten nas discusións e debates que arredor do tema se plantexan —como nolo amosa a carta[1] a Murguía datada en Vilanova de Arousa o 24 de xaneiro de 1868, onde ademais de interesarse polo estado das obras[2], nese intre paradas, fai votos para volver a *"aquellos paseos y aquellas reuniones tan interesantes"*—, senón tamén, e este será o noso centro de atención, a súa participación como accionista e Secretario da Sociedade do Ferrocarril Compostelano, que co treito Santiago-Carril inauguraría en 1873 o serodio ferrocarril galego.

Resulta coherente pois a súa praxe e compromiso cívico co seu ideario político. Tentaremos aquí unha aproximación a esta participación de Valle Bermúdez no primeiro ferrocarril galego, sen perder de vista os condicionantes económicos e políticos do momento e as discusións e debates que estes suscitaron na prensa da época, na que tamén el participou activamente.

O tempo de Valle Bermúdez.

Xose Ramón Barreiro considera crítico[3] para a economía galega o período

[1] VALLE INCLÁN Y BERMÚDEZ, Ramón: *Cartas eruditas e literarias á Murguía*. Edicións do Castro. Sada. 2000, px. 53. 1ª Ed.

[2] Do camiño de ferro de Santiago a Carril.

que vai de 1817 a 1856[4]. Así, á grande depresión agraria motivada pola caída dos prezos dos cereais habería que lle engadir a crise que afecta á burguesía como consecuencia da guerra da Independencia contra os franceses. Sen embargo, o máis grave ía ser o esmorecemento e final liquidación[5] cara 1842 que acontece cos sectores protoindustriais: curtume do coiro, ferrerías da Galicia oriental e fundamentalmente o cultivo e elaboración textil do liño, que constituían a base da producción non agraria da Galicia do Antigo Réxime, e que fose por problemas técnicos ou polo raquitismo da burguesía, non se transformaron como noutras latitudes nos motores que impulsasen aquí a revolución industrial e en consecuencia económica.

Chama a atención o feito de que esta desfeita coincide no tempo coas primeiras medidas económicas, que de clara inspiración liberal, toma o goberno do Estado xa na Rexencia de María Cristina, decretando a liberdade de industria e comercio, promulgando un código civil e aprobando as leis desamortizadoras que inician o paso a unha economía de mercado, sentando as bases do que será o novo Estado liberal.

Sen embargo isto non altera a penas o período crítico polo que atravesa a economía galega, "*con connotacións moi de seu*"[6], que non sairá da crise ata finais da década dos cincuenta, coa reactivación que supón o negocio da emigración a América ou xa máis tarde o inicio das obras do ferrocarril. Precisamente será o retraso destas e o problema dos foros, os temas que monopolicen, xunto coa emigración, os debates que se estaban a dar tanto nas instancias políticas como na prensa da época, xa que ambos eran considerados causas do atraso no que estaba sumido o país.

Na cuestión foral, víase como a desamortización, promovida dende o goberno do Estado, ao non ter en conta a especificidade da propiedade e uso da terra en Galicia, non fixera mudar a situación. Só provocará un cambio de rentistas ao compraren comerciantes, industriais e profesionais liberais os dereitos sobre o "dominio eminente" e permanecer o campesiño como beneficiario do "útil", frustrando a transformación do agro galego cara unha economía de mercado e propiciando a permanencia do réxime foral ata a Dictadura de Primo de Rivera, na que triunfa tarde e mal aquela tese redencionista pola que votara Valle Bermúdez no "Congreso Agrícola Gallego" de 1864.

O Ferrocarril a debate

Canto ao ferrocarril, hai que ter en conta a importancia que se lle outorga no século XIX como símbolo e motor da nova sociedade industrial. Non se concibe o progreso sen vías férreas.

---

3 BARREIRO FERNANDEZ,X.R., *Historia de Galicia, Edade Contemporánea* (px.68 e 141). Galaxia. Vigo. 1981.

4 Tamén merece esta calificación para F. RODRÍGUEZ, mais coas datas 1837-1885, na súa *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro.*

5 CARMONA BADÍA, Joám: *El atraso industrial de Galicia*. Ariel. Barcelona.1990. Px. 233-236.

6 BARREIRO FERNANDEZ,X.R., *Historia de Galicia, Edade Contemporánea* (px.141). Galaxia. Vigo. 1981

Pois ben, cómpre salientar aquí o seu carácter tardío con respecto ao do resto da Península e de Europa[7]. Os motivos de tal demora foron atribuídos ás dificultades dos trazados, á posible incapacidade do capital galego para financialos e sobre todo, ás liortas localistas que se deron entre as cidades pola consecución das liñas[8].

Tanto esta demora e as súas causas como a urxente necesidade de dotar a Galicia de vías férreas acabaron convertindo o tema no grande debate da prensa, especialmente entre 1850 e 1870, como recoñece o editorial de El Eco de Galicia en 1851 cando di que *"hoy está la veleta de la opinión hacia los caminos de hierro"*.

Así a publicación Galicia, Revista Universal de este Reino de 15 de novembro de 1860, facíase eco do discurso pronunciado por Nicomedes Pastor Díaz en 1846 no Liceo da Coruña no que opinaba que *"Galicia, se halla no dudarlo en uno de estos momentos críticos: turvada (sic) por una ansiedad general. La voz de su completa regeneración sonó a su oído. La hora de la acción es llegada. En el feliz éxito de la subasta de su vía férrea estriva (sic) su salvación. En la apatía de los más acomodados e influyentes de sus individuos está la cuchilla de la parca. A estos toca, pues, apresurar la muerte o consolidar la vida de un pueblo numeroso. Corresponde al gobierno atender a tan ardientes votos"*.(o subliñado é noso).

No mesmo tono se expresa A. Casares cando no 1858 di en *La Esposición Compostelana*[9] que *"estamos persuadidos que en la época actual es una necesidad que un pais extenso, feraz y poblado como el nuestro tenga un ferrro-carril para dar salida a sus producciones, y que anime y estimule a sus habitantes al trabajo, a la asociación y a las empresas, y que ofrezca a hombres activos e inteligentes un medio de utilizarse de la riqueza natural de nuestro suelo"*, proseguindo logo coa historia e logros económicos do ferrocarril en Inglaterra.

O ferrocarril é pois a táboa de salvación para Galicia. Máis de entre os moitos atrancos cos que se encontra, sobrancea o do localismo, ao que se ataca dende a prensa; bo exemplo disto é o manifesto da redacción de *Galicia, Revista Universal de este Reino* de 1 de xuño de 1864, titulado Unión, no que despois de sentenciar que *"La cuestión de mayor interés para Galicia es hoy la de su ferro-carril"*, xustifica que *"cada una de las provincias busca hoy el más fácil y rápido cambio de producción, no quiere quedar atrás en el camino de los adelantos"*, mais dilles que *"ancho es el camino, dejad marchar a las provincias todas: cuatro son en Galicia; bien caben por ese camino"* polo que unhas provincias non deben *"intentar privar a las otras de tan bienechora invención"*.

[7] A era do ferrocarril a vapor para pasaxeiros nace en Inglaterra coa linea Liverpool- Manchester (1830). Entre 1830 e 1845 o Reino Unido, Alemania, Francia, Italia e USA inzan o seu territorio de lineas férreas. A primeira na Península é a que uniu Barcelona con Mataró en 1848, sendo a época de grande expansión a década de 1855-1866 ano da crise financieira que paralizará e arruinará a moitas compañías. Galicia quedaría fóra deste "boom" ferroviario, tendo que esperar a 1873 para ver circular a primeira locomotora, e ata case finais de século para quedar unida á rede estatal.

[8] Aparecendo incluso periódicos "ad hoc" como *El Ferrocarril en Pontevedra*.

[9] *La Esposición Compostelana. Periódico semanal de intereses materiales.* 9 de mayo de 1858, número 2.

Vese que outro problema era o do financiamento cando o redactor de *El Eco Escolar* do 2 de xaneiro de 1863 se felicita posto que *"todos los vecino de Santiago a porfía ricos y pobres, comenzando por el Eminentísimo Sr. Cardenal Arzobispo y concluyendo por el más humilde artesano, todos, sin la menor dificultad ni coacción se han suscrito al Ferrocarril Compostelano, fijándose en el más allá de esta grandiosa obra y no en el presente mezquino, como hacen los espíritus egoístas pretextando dudas sobre el porvenir para negarse a prestar su apoyo a toda obra útil y humanitaria"* (o subliñado é noso).

Destas e outras ideas extraídas dos debates da prensa progresista da época sería partícipe Ramón del Valle Bermúdez (redactor por estas mesma datas de La Opinión Pública editada en Santiago), quen as discutiría con Murguía *"en aquellos paseos y aquellas reuniones tan interesantes"*, como sinalamos con anterioridade.

O Ferrocarril Compostelano

Un dos proxectos ferroviarios que se impulsaron foi o dunha vía que unira Santiago co porto de Carril. Pois ben, é neste pioneiro proxecto onde atopamos a Valle Bermúdez participando como accionista e secretario do consello de administración da futura Sociedade do Ferrocarril Compostelano. A idea inicial partíu do membro da "Sociedad Económica de Amigos del País" José Sanchez Villamarín. Os motivos de tal proposta semellan claros se lemos a memoria que o enxeñeiro D. Thomas Rumball presentou para este proxecto, onde xustifica a súa necesidade polo movemento de persoas e mercadorías que se produce no eixo Santiago-Padrón-Carril. Este debíase ó tráfico de exportación de millo e sobre todo de gando a Inglaterra e a importación de ferro, cal e carbón —este último para o proxectado alumeado de gas de Santiago— procedentes de Inglaterra, Francia e Alemania e que, a través do porto de Carril tiñan orixe ou destino en Santiago.

Pero ademais de facilitar o intercambio comercial, víase nel o medio que impulsaría o progreso e a civilización, como podemos deducir das palabras que o gobernador provincial de Pontevedra pronunciou no seu discurso[10] o 30 de maio de 1862, cando despois de



Vista xeral de Vilagarcía de Arousa, século XIX.

bastantes vicisitudes se festexa o comezo das obras cun banquete en Carril no que se aludía a esta vía como a que traería *"a este país, a la vez que las ventajas en el cambio mutuo de los artículos"*, tamén *"el ambiente civilizador que el vapor se ha encargado de difundir en este siglo"*. Ao mesmo tempo evitaría a emigración xa que os galegos terían *"donde emplear"* os seus *"brazos al lado de las más caras afecciones sin tener que ir a buscar en apartados climas, alagados quizás con engañosas ilusiones, el bienestar para vuestras familias"*.

No mesmo número felicitábase ás *"afortunadas playas de Arosa"* xa que *"vais a ser las primeras playas de Galicia a recoger los frutos sazonados de los adelantos modernos"*. "El Eco Escolar" tamén felicitaba no seu número do 2 de xaneiro de 1863 á cidade de Santiago, calificándoa de *"Jerusalen de Occidente"*, e *"Atenas de Galicia"* á par que *"la cidudad más populosa de Galicia"* que ademais da súa grande historia será temén *"la brújula que señalará a nuestro pueblo el camino de su regeneración material, por medio de los ferrocarriles"*, en alusión a ser a primeira que contara con tal medio de locomoción en Galicia.

Vexamos agora con máis detalle a historia deste proxecto e a implicación que nel tivo Ramón del Valle Bermúdez. Esta estivo condicionada polas vicisitudes que atravesou a empresa. A súa intervención na Sociedade coñecémola polas cinco accións conservadas no Instituto Padre Sarmiento, datadas o 12 de marzo de 1864, que el asina como secretario. A importancia que como tal ten na sociedade analizaremola máis adiante, pero agora queremos chamar a atención sobre a comparecencia que fixo diante do Notario de Cambados o 24 de febreiro de 1864 para deixar constancia do poder outorgado ó seu favor polo administrador xerente da sociedade (Inocencio Vilardebó) o 24 de xaneiro do mesmo ano[11].

Do contido deste poder —seguindo as normas procesuais de representación e defensa en xuízo— non se pode afirmar a condición de letrado de Ramón del Valle, pero dadas as facultades que se lle outorgan, unidas á súa condición de secretario do consello de administración, indúcenos a pensar que si o era e que actuaría como tal a favor da compañía.

O poder outorgado tamén implicaría —a parte da súa condición de letra-

10 "Discurso". in Galicia, *Revista universal de este Reino*, número 8, 15 abril 1862. Px.116

11 Poder conservado nun protocolo notarial do Arquivo Histórico de Pontevedra.Transcribimos literalmente o poder, ainda que sexa de modo parcial, pola importancia que supón: *"...En concepto pues de tal administrador gerente cuyas funciones está representando, da todo su poder cumplido, amplio, general, especial y bastante a D. Ramón del Valle, secretario del Consejo de Administración de la misma sociedad y vecino también de este pueblo, para que representándola y al otorgante en dicho concepto, ventile amistosa o judicialmente, todas cuantas acciones, así civiles como criminales y derechos la correspondan como actora o demandante celebrará al intento los juicio verbales y de faltas y a ctos de conciliación convenientes. Presentará demanda, recurso y reclamaciones de todas clases en los Juzgados y Tribunales de la nación, contestará las contrarias, hará liquidaciones, percibirá haberes, alcances y atrasos, expidiendo recibos o cartas de pago de lo que entre en su poder, dará pruebas; oirá autos y sentencias interlocutoiras y definitivas, consintiendo lo favorable, aplazando o suplicándole lo perjudicial y practicará en fin cuantas diligencias exija la naturaleza de los juicios que ventile hasta su completa conclusión;","...con cláusula de sustitución a favor de Procuradores","...obligándose y a la sociedad a quien representa, a estar y pasar por cuanto haga y reservándole de responsabilidades."*



Gravado do plano do Ferrocarril Compostelano, sacado do mapa de don Domingo Fontán.

do— un alto grao de confianza nel por parte da sociedade, e mais concretamente de Vilardebó. A capacidade de actuación que reflicte pon ben as claras que actuou non como mero secretario, senon como importante xestor dos seus intereses, tanto no eido xudicial como no extraxudicial.

Trala crise do 1866, Ramón del Valle quedou apartado do ámbito de decisións transcendentais da Sociedade, posiblemente de forma involuntaria; esta circunstancia podémola deducir, entre outros datos, da carta que escribiu a Manuel Murguía o 24 de xaneiro de 1868[12] datada en Vilanova de Arousa no que di: *"Agradezco a usted mucho la noticia que me da sobre el ferrocarril de lo que me hicieron una indicación vaga. Dios quiera que el asunto se arregle y se acuerden de mi"*.

Cómpre poñer en relación esta participación coas tres fases polas que atravesa o proxecto:

a)."Primeiros pasos", 1861-1865, comeza esta xeira coa concesión de Ferrocarril Compostelano e prosegue en 1863 coa contitución da "Sociedad del Ferrocarril Compostelano de la Infanta Doña Isabel de Santiago de Compostela al Puerto de Carril".

b)."Crise",1865-1871, etapa na que as obras están paralizadas

c)."Finalización", 1871-1873, periodo de reanudación e remate da obras, coa conseguinte posta en funcionamento.

a) Primeiros pasos.[13]

Ao abeiro da Lei sobre ferrocarrís de 3 de xuño de 1855 a "Sociedad Económica de Amigos del País" traslada ao Concello de Santiago a proposta de construcción dunha vía férrea, mais só de Santiago a Cesures. A presentación deste proxecto plantexaba diversas formas de financiamento entre accións, obrigacións e paticipación directa dos concellos afectados, ben por medio de subvencións ou mesmamente como accionistas da

[12] VALLE INCLáN Y BERMUDEZ, Ramón: *Cartas eruditas e literarias á Murguía*. Edicións do Castro. Sada. 2000, px. 53. 1ª Ed.

[13] Recordemos que é a Sociedad Económica de Amigos del País a que idea esta liña baseándose no tráfico xa existente de persoas e mercadorías entre Santiago e Carril.



Ferrocarril Compostelano: ponte-viaducto sobre o Sar. *La Ilustración…*

futura saciedade a constituír.

Nun primeiro momento contemplouse a posibilidade de utilizar a forza animal como tracción que movese o ferrocarril, mais foi logo desbotada a medida que ía madurando o proxecto.

O 4 de outubro de 1859 o concello de Santiago nomea unha comisión que emite un informe no que suxire á "Sociedad Económica" a constitución conxunta dunha sociedade, na que tamén participarían os concellos atravesados pola vía como accionistas e a presentación dunha solicitude de subvención á administración estatal, segundo o preceptuado na antedita Lei de ferrocarrís.

O 25 de febreiro de 1860 queda constituida a comisión mixta Concello— Real Sociedade Económica, co nome de "Junta encargada del proyecto de vía férrea de Santiago a la ría de Padrón"[14], tendo como presidente a Joaquín Caballero Piñeiro, por delegación do alcalde de Santiago. O 1 de abril, previa presentación pola "Junta", o Ministro de Fomento autoriza a solicitude para verificar os estudios do ferrocarril proxectado polo prazo de seis meses, sen contemplar dereito algún á posterior concesión do camiño de ferro. Logo noméase ao enxeñeiro inglés Thomas Rumball para que realice os estudios do trazado, sendo a partir de aquí cando xa se fala do ferrocarril de Santiago ao Porto de Carril.

No ano 1861 súmase a Deputación de Pontevedra coa susbscripción de 200 accións e as Cortes aproban finalmente o proxecto.

O arranque do que posteriormente sería a sociedade do Ferrocarril Compostelano data do 7 de abril de 1861, xa que foi outorgada a concesión que recaeu finalmente nos señores Joaquín Caballero y Piñeiro, Domingo Fontán e Inocencio Vilardebó Vilomara[15].

---

14 POSE ANTELO, Jose Manuel. *Aproximación histórica a los ferrocarriles gallegos.*Cuardernos de estudios gallegos. Instituto Padre Sarmiento.CSIC, 1982.

px.316. Polo interese que vai presentar o coñecemento dos membros desta xunta pasamos a relacionalos: como titulares, e en nome do Concello de Santiago, figuraban os Sres. Luis de la Riva, Nicolás Pérez Santa Marina e José A. González; como suplentes: Sres. Ramón Santaló e Vicente Varela Luaces. Pola Real Sociedade Económica: Sres. Domingo Fontán, José Sánchez Villamarín e Patricio Moreno como titulares; como suplentes: Sres. Julián Obaya e Conde de San Juan.

15 Neste intre non estaba creado o instrumento xurídico que artellaría a construcción do ferrocarril, unicamente había uns concesionarios que deberían de

Os inicios foron titubeantes, a falla de capital propio fixo que os concesionarios buscasen os apoios económicos máis aló dos recursos locais da zona de influencia do ferrocarril, dirixíndose fundamentalmente ao capital estranxeiro e ás axudas estatais[16].

Entre o ano 1861 e o ano 1862 houbo varias propostas para a formación do capital da sociedade a crear. Así, o 15 de outubro de 1861 Sánchez Villamarín, escribía[17]: *"...los representantes de una casa respetable francesa, se han extendido las primeras estipulaciones para llevar a cabo el pensamiento. La casa entra en la empresa bajo el carácter de concesionaria y constructora, y en este supuesto se hace solidaria con los accionistas del pais en la esplotación de la línea.*

Como concesionaria, concurre con un capital respetable... Por último ofrece también la casa dar principio a los trabajos dentro de dos meses, o antes tan pronto como el Gobierno otorgue la conceción para la que está facultado por la ley ya sancionada... Felicitemos a Santiago y demás pueblos de la línea, y en esta mejora trascendental que se inaugurará al entrar el año proximo".

Na mesma publicación, o 15 de novembro do ano 1861, Francisco María de la Iglesia, o seu editor, dicía: *"Sentimos una viva satisfacción en unir nuestra voz a la de nuestro colega Santiagués, la Revista Económica, para que los diputados de la nación y el gobierno de S.M. que tanto se interesan y desvelan por el creciente desarrollo y prosperidad nacional, se dignen atender y proteger como se merece el proyecto de enlazar la ciudad de Santiago con el puerto del Carril por medio del Ferrocarril Compostelano, tan íntimamente unido a la prosperidad de Galicia."*

O 15 de febreiro Sánchez Villamarín fai unha extensa referencia á aprobación dos estudios do Ferro-carril Compostelano e, en concreto, á concesión ós Sres. Caballero, Fontán e Vilardebó, outorgando un papel principal a este último: *"La misión del Sr. Vilardebó ha llegado á su fin y ansiado término"*. Fai mención tamén ós enxeñeiros Sres. Rodon e Rumball.

O inicial proxecto —con algunha modificación relativa á reducción de pendentes do trazado e tarifas de prezos— culminou coa súa presentación por parte de Vilardebó, e coa aprobación de S.M. la Reina, comunicada dende Madrid por Jose Juan Uría a Vilardebó en data de 13 de decembro de 1861.

Finalmente a constitución da empresa do ferrocarril Compostelano foi o 10 de febreiro de 1863 cando as escrituras, nas que se inclúen as bases do contrato

---

buscar os medios, tanto económicos como legais, para que a empresa tomara forma de sociedade, para comenzar as obras.

16 Os constitucionalistas Jordi Solé Tura e Eliseo Aja na súa obra *"Constituciones y períodos constituyentes en España (1808-1936)"* afirman na páxina 54, dentro do período titulado " Política reaccionaria y variaciones constitucionales:1856-1868": El boom de los ferrocarriles y las facilidades al capital extranjero significaron un auge de la actividad económica, extendida al textil y el comercio colonial catalán, y el inicio de la industrialización en el norte. Sin embargo, no se logró crear la base de una industrialización nacional, tanto por la primacía del capital extranjero en las minas y ferrocarriles como por el sistema de privilegios que precisaba toda intervención importante. Sirvió mas bien para consolidar a la oligarquía –unas 500 familias se decía- compuesta por latifundistas, banqueros, especuladores y, en parte, industriales cuya representación política desempeñaban los abogados famosos y los generales con fortuna política."

17 Galicia, Revista Universal de este Reino, número 26, 15 outubro 1861. Px.416

foron elevadas a definitivas mediante o Real Decreto de 11 de agosto de 1863[18].

Será aquí cando entra en xogo Ramón del Valle, primeiramente como Secretario do Consello de Administración da Sociedade e logo, como máis que probable letrado encargado dos asuntos da mesma.

Mais, para entender cabalmente esta participación analizaremos algúns datos que podemos extraer dos estatutos da sociedade. Son os seguintes:

1) A configuración da "empresa" que se fai no artigo 2º, establecendo unha estructura que determinará parte das futuras problemáticas: os concesionarios do ferrocarril son tres persoas físicas (Joaquín Caballero y Piñeiro, Domingo Fontán e Inocencio Vilardebó) que ceden a concesión á Sociedade de conformidade co convenio asinado entre Vilardebó e o empresario constructor-accionista D. Juan Stephenson Mould[19].

2) O capital social, dada a comentada falla de fondos propios, está constituido por accións e obrigacións. A diversidade de accionistas, producto do inicial entusiasmo que provocou a empresa entre as persoas con inquedanzas explican, en parte, os posteriores problemas de iliquidez. Entre outros, hai accionistas dos que poderíamos considerar como "indianos", a meirande parte de eles residenciados en La Habana.

3) Entre os subscritores deste capital atopamos a Ramón del Valle, que pola súa condición de Secretario do Consello de Administración tiña, canto menos, 20 accións ó seu nome. Esa contribución, calquera que fora a cantidade, estaría en consonancia co pensamento dunha persoa preocupada polas necesidades claves que no seu tempo afectaban de modo determinante ó noso país.

As funcións do Secretario, reflectidas no artigo 28 dos estatutos, son as habituais de calquera sociedade anónima: expedición de certificados, redacción das actas e custodia do arquivo. Dada a enorme transcendencia económica da Sociedade, estas funcións implican un alto grao de responsabilidade para a figura do Secretario, polo que é difícil imaxinar que este cargo fora encomendado a unha persoa que non fora polo menos coñecedora das leis, cando non experta nas materias de dereito mercantil, civil e administrativo (materias que afectarían de modo directo ó desenvolvemento da Sociedade).

Temos que ter en conta que, dependendo da propia personalidade do conselleiro que ostente o cargo de Secretario dun consello de administración, o seu peso específico dentro da Sociedade, pode variar sensiblemente, con independencia da estricta representación accionarial. A traxectoria intelectual e social de D. Ramón del Valle, a súa preocupación polos temas de interese común, xunto coas facultades recollidas no poder que lle foi outorgado,

[18] Parte final do Real Decreto: "vengo en autorizar la constitución de la referida compañía con el título de Sociedad del Ferro-carril Compostelano de la Infanta Dª Isabel, a la que se le transfiere la concesión de la espresada linea, señalándole el plazo de 30 días para que de principio á sus operaciones. Dado en San Ildefonso á 11 de Agosto de 1863. Está rubricado de la Real Mano, El Ministro de Fomento, Manuel Alonso Martínez." Este decreto veu precedido dunha real orde de 8 de xullo de 1863, comunicada polo Gobernador da Provincia de A Coruña o 21 de xullo do mesmo ano.

[19] Obsérvese a coincidencia cos membros e presidente da primitiva "Junta" constituida en 1860. (nota 14).

son argumentos suficientes para afirmar que xogou un papel,canto menos, de certa relevancia.

4)No tocante ó órgano executivo da Sociedade, o Consello de Administración, sorprende o preceptuado no art. 20 dos estatutos: *"...se reunirá siempre que lo exijan los intereses de la Sociedad y al menos una vez á la semana"*. Non é usual que un consello de administración como o que nos ocupa se reúna con tanta frecuencia, o que denota o interese na pronta realización das obras do ferrocarril.

O primeiro consello de administración , de carácter provisional, ten unha misión primordial: a posta en marcha da sociedade. Esta realízase a través do Real Decreto de 11 de agosto de 1863, que ordena o prazo de 30 días para dar comezo as actividades. Nese momento tería que nomearse un novo consello de administración[20].

Chama a atención que o número de conselleiros que forman o consello provisional é inferior en un ó número que esixe o artigo 11 dos estatutos. Neste consello non vemos a figura de Ramón del Valle, aínda que puidera ser que ese noveno membro ó que se refire o artigo 11 fora o Secretario[21].

5) Respecto ao órgano soberano da Sociedade, a xunta xeral de accionistas, temos que salientar que para a asistencia con voz e voto cumpría estar en posesión de 10 accións, a mais doutros requisitos. Polo tanto Ramón del Valle, que tiña canto menos 20 accións, podería asistir con voz e voto á xunta xeral, a parte de intervir como Secretario. ó día de hoxe non estamos en condicións de precisar con exactitude o número de accións que tivo Ramón del Valle e en que momento se desfixo ou non das mesmas.

Na mesma data de 10 de febreiro de 1863 acompañáronse ós estatutos as bases do contrato asinadas entre Vilardebó e Stephenson. Este documento é tamén clave para entender as desavinzas entre a Sociedade e o constructor-accionista[22].

---

[20] O consello de administración provisional estaba formado polos señores: Conde de la Torre, Luis de la Riva, Joaquín Rodríguez Fereiro, Benigno Artime, Manuel Mª Puga, Inocencio Vilardebó, Braulio Martínez e Juan Stephenson Mould. Obsérvese a coincidencia con algún membro da antigüa "Junta", e a aparición dos auténticos protagonistas da Sociedade: Vilardebó e Stephenson. Da documentación obrante no Arquivo Histórico de Galicia, non pudemos averigüar a composición dos posteriores consellos de adminstración.

[21] No Arquivo Histórico de Galicia na Coruña non atopamos dato algún que confirmara esta circusntancia. Os índices de contaduría de libros de sociedades comenzan a partires do ano 1886, e polo de agora non atopamos a documentación correspondente á Sociedade que quedou constituida con anterioridade, como sabemos,en 1863. No libro rexistro de comerciantes e libro rexistro de documentos relativos ós mesmos que comenzan a partires do ano 1829 (promulgación do Código de Comercio) non atopamos ninguna referencia á sociedade que estamos a estudiar.

[22] Do contrato podemos destacar os seguintes puntos:

a) O constructor-accionista comprométese á construcción da liña férrea, da súa conta e con suxeición ós orzamentos e demais estipulacións que se sinalan de modo concreto, de conformidade co proxecto aprobado o 13 de decembro de 1861.

b) A empresa pagará ó constructor-accionista 23.400.000 reais vellóns. Este pago artellarase a través de metálico, accións e obrigacións da sociedade.

